




sada.cul

Casa da Cultura Pintor Lloréns

PROGRAMACIÓN CULTURAL MAIO 2018

Día
das Letras
17 de maio
GALEGAS



Casa da Cultura
Pintor Lloreus

Sábado 5 ás 20h

XVIII Concerto de Primavera



**CORAL POLIFONICA
SAN MARTIN
MEIRAS**

Organiza:
**Coral Polifónica
San Martín de Meirás**

Participan:
Coro Diapasón de Ferrol
Coral Polifónica Val do Avia de Leiro
Coral Polifónica San Martín de Meirás

Sábado 12 ás 20h

VI Festival Camiño ó Verán



Organiza:
**Coro Galego
Santa Comba de Veigue**

Participan:
Grupo Sementeira de Cambre
Casa de Castilla la Mancha de A Coruña
Coral Costumes de Bergondo
Coro Galego Santa Comba de Veigue

Música e baile

Domingo 27 ás 18h

IV Festival da Escoliña

Organiza: Agrupación de Música
e danza tradicional Queiroa



A Asociación de música e danza tradicional
Queiroa celebra o IV Festival da Escoliña.



Actuarán os grupos de baile máis o grupo
de gaita e percusión da nosa asociación.

Non faltedes, esperámosvos!

Venres 11 ás 18:30h

O sal do mar e outros contos mariñeiros

de [Teatro do Andamio](#)



A Yago gústalle o mar
e gústalle a aventura.

Milleiros de veces
xogaba co seu avó a
ser mariñeiro: dar
unha volta ao temón,
tocar a campá,
subir na ponte de
mando do capitán
e dar ordes.

O avó sempre lle
diciu: Oe, Yago,
lembra, os mares
non nos separan,
únennos, somos moi
diferentes e
parecidos á vez!!!!

Recomendada a partir de 3 anos

Venta en taquilla dende o luns 7 de maio

Entrada: 2,5€

A taquilla pecha 15 min despois de comezar o espectáculo

Venres 25 ás 18:30h

Lila Star

Cía. [Pista Catro](#)



Esta artista branca con alma de negra, criada no seo dunha familia de acróbatas de circo clásico, apaixonada da purpurina e obsesiva pola cor morada; que se confesa adicta ás berenxenas e que forma parte do club de Fans de Deep Purple, Violeta Parra e,

casi casi, de Pink Floyd (!ay! se puxesen un pouco de blues nese pink...) leva á escena un especta-culazo con moooooooooooooooooo flow, onde os equilibrios imposibles sobre obxectos se fan posibles a ritmo de temas que non poderás deixar de bailar!!!! Lila Star Yeah!

Duración: 45 minutos. Para tódolos públicos

Venta en taquilla dende o luns 21 de maio

Entrada: 2,5€

A taquilla pecha 15 min despois de comezar o espectáculo

Domingo 13 ás 20h

Tropical

Cía. Elefante Elegante

TROPICAL é un espectáculo sensitivo, universal e evocador que mergulla no universo da viaxe e na súa vasta riqueza de matices.



Un navío habitado por viaxeiros con destinos entretecidos. Turistas, migrantes, músicos e refuxiados custodiados por unha vixiante e dilixente tripulación.

Do norte ao sur nun cruceiro sedutor e do sur ao norte fuxindo da fame e dos cascallos.

+ 12 anos DURACIÓN: 75 minutos

Venta en taquilla dende o luns 7 de maio

Entrada: 3,5€

A taquilla pecha 15 min despois de comezar o espectáculo

Contacontos na Biblioteca

Os Contos da Curuxa Catuxa

Programa anual de animación
á lectura da Biblioteca Pública
Municipal de Sada



Funcións ás 18:30 horas
Entrada gratuita,
Aforo limitado

Día das Letras Galegas


Xoves 17 ás 18h

Salón do Libro na Biblioteca Municipal



Presentación dos libros de **Vanesa Santiago**, **Paris Joel**, **Carlos Babío** e **Manuel Pérez Lorenzo**, acompañados pola guitarra e a voz de **Bea a de Estrella**

Xoves 17 ás 20h



Teatro: “Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos”

Homenaxe a **María Victoria Moreno**
Cía. [Matrioshka Teatro](#)

Señora que pasea pola rúa con dous cans preciosos é unha homenaxe a todas as persoas que nos arroupan e nos dan guía. A todas esas figuras que, estean presentes ou non, nos serven de compás e nos fan medrar. Ás mestras de vida, encarnadas para nós en María Victoria Moreno, sempre entregada nas aulas e nos libros, sempre apaixonada, comprometida e honesta

Día das Letras Galegas

Sábado 19 ás 18:30h



Lingua do País

do Mago Martín Camiña

Un espectáculo máxico-lingüístico para lembrarlle ó google que aquí non sabemos onde están: Arteijo, Mugía, Rianjo nin Sangenjo.

Un espectáculo máxico-lingüístico para lembrar que á doutora, ó avogado ou á xuíza, pódese falar en galego nos seus postos de

traballo, xa que seguiremos tendo o mesmo problema de saúde, de preitos ou do que sexa, digámosllo en galego ou noutra lingua.

Un espectáculo cheo de sorpresas, participación do público, e tamén cheo de: axóuxeres, lixivias, bolboretas, beizos, garabatas, gravatas, cóxegas, meigallos, Folerpas...en resumo, un espectáculo máis abraiante que escoitar galego no centro da Coruña.

DÍA DAS LETRAS 
2018 GALEGAS
MARÍA VICTORIA MORENO

participa activamente nos
CONCURSOS e...

VIVE AS NOSAS LETRAS!

CAFÉ CON VERBAS

tómate un café nos establecementos
colaboradores e concursa cun minitexto libre



MIRA T! QUE VERBAS

busca os textos literarios nos
escaparates dos establecementos
colaboradores



f @culturadasada

ig sada.cul

sada.cul

bases en:
www.concellodesada.com




Casa da Cultura:

"Territorio acoutado"

Proxecto que xunta poesía e fotografía.



As lembranzas da poeta **Olga Patiño** de cando pasaba de nena os veráns en Carral son o xérmolo dun traballo conxunto da escritora co fotógrafo **Carlos Lorenzo**



Organiza:



Coa colaboración de:



-Aforo Limitado

-No auditorio non está permitido o consumo de alimentos e/ou bebidas

-Rógase a máxima puntualidade

-A taquilla dispón de cambio limitado, pola súa comodidade rogamos veñan co importe axustado

A programación pódese ver alterada por necesidades de axenda ou outras circunstancias

Información actualizada nas páxinas web do Concello:



www.concellodesada.com
www.facebook.com/culturasada
www.instagram.com/sada.cul/

e no teléfono **981 619 115**

